


Labirinto da memoria

: 00000403
: RUIBAL, EULOXIO R.
: Labirinto da memoria
: Nume
: 978-8492792-72-6
:
Friso contemporáneo
:
12,00€



:
Normal 0 21 65pp.
13x20
Labirinto da memoria desenvólvese en Compostela, durante a festa do Antroido. A invasión de Iraq é inminente e o tempo cílico fúndese co histórico. As rúas e prazas da cidade monumental convértense en espazos de protesta, burla, sátira, ludismo e transgresión. Festéxase o Antroido ao mesmo tempo que se rexeita a guerra e se lembra a incompetencia gubernamental na catástrofe do Prestige. Mais no seo das sociedades burguesas neoliberais non deixa de aniñar o fascismo. Os confrontamentos resultan inevitábeis. E estoupa a guerra contra o pacifismo. O peso do pasado (bélico) faise sentir de novo. Individual e colectivamente. O pasado volve unha e outra vez a repercutir no presente, a xeito de eterno retorno. As horas pasan circularmente en singular cronotopía, onde o actual e o pretérito se interfiren e confunden. Temporalízase o espazo (labiríntico) e o tempo (antroidesco e bélico) espacialízase. Os parámetros cronotópicos (carnavalizados) comprímense ou expándense, defórmanse ou falséanse, coa representación da ceremonia do xogo de identidades. O sucesivo vírase ás veces simultáneo. O horror de hogano poténciase ao revivir o horror de antano. Con ese pano de fondo, ritualízase unha historia de amor, tenrura,残酷 e violencia inserida na festa da realidade (verdade) disfrazada.

Nume:

Prosa e verso da literatura galega